

---

# SOPA DE RATO

Texto e ilustracións de **ARNOLD LOBEL**

Tradución de **XOSÉ MANUEL GONZÁLEZ BARREIRO**

---

Encadernado en cartón. 15 x 21,5 cm. 72 páx. 15 €.

**Sopa de rato** (galego)

ISBN 978-84-8464-817-8. Tras os montes.

**Sopa de ratolí** (catalán)

ISBN 978-84-8464-818-5. Kalandraka.

**Sopa de rato** (portugués)

ISBN 978-989-8205-99-5. Livros para sonhar.

*-Pero eu non teño conto ningún -dixo a donicela.*


*-Teño eu -dixo o rato-. Podo contalos agora mesmo.*

*-Pois veña -dixo a donicela-. E rapidiño, que teño moita fame...*

Un ratiño, a piques de ser papado por unha donicela, dille que para facer unha sopa de roedor moito máis saborosa precisa ingredientes de moitos contos. Entón, o astuto protagonista deste libro comeza a contarlle historias que a deixan completamente encandeada...

A finalidade dos contos de Lobel -fábulas na súa meirande parte- é conseguir que os nenos e nenas aprendan a ler dun xeito divertido. "Só escritores cunha enorme sensibilidade como Lobel foron quen de utilizar un estilo inocente sen pecar de pueril, tanto na narración como nas ilustracións que creaba", dixeron os principais especialistas en Literatura Infantil e Xuvenil.

Polos seus textos e imaxes sinxelos e evocadores, "Sopa de rato", xunto con "Contos de ratiños", "O porquiño" e "Tío Elefante", son referentes literarios incuestionables dun autor que este ano cumprirá o seu 80 aniversario.



---

■ **Temática:** libro de relatos.

■ **Idade recomendada:** Educación Infantil.

■ **Aspectos destacables:** clásico da Literatura Infantil de todos os tempos, do mesmo autor De "Contos de ratiños", "O porquiño" e "Tío Elefante" (Kalandraka); iniciación á lectura, fábulas con mensaxe; consta dos relatos:  
-As abellas e a lama  
-Dúas pedras grandes  
-Os grilos  
-A roseira

---

## Arnold Lobel

(Os Ánxeles, 1933 – Nova York, 1987)

Estudou Arte no Pratt Institute, onde coñeceu á que sería a súa muller, a ilustradora Anita Kempler. Empezou traballando para unha axencia de publicidade e posteriormente adicouse a ilustrar historias escritas por outros autores. En 1962 apareceu o seu primeiro libro, "A Zoo for Mister Muster", ao que lle seguiu un ano despois "A Holiday for Mister Muster". Como autor e ilustrador recibiu numerosos recoñecementos por parte do público e da crítica especializada. Entre os premios que recibiu destacan o Caldecott Honour Book, o Christopher Award, o Caldecott Award e o Newbery Honour Book. Ao longo da súa traxectoria ilustrou uns 70 libros doutros escritores, aos que se sumaron case unha trintena máis escritos e ilustrados por el mesmo.

---

www. **kalandraka**.com

comunicacion@kalandraka.com

---